

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 30 DE XULLO DE 2020

Asistentes:

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Vicedecano

Adolfo Fernández Fernández

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

PDI

Comendador Rey, Beatriz

López Díaz, María

Pérez Losada, Fermín

Prada Rodríguez, Julio

Rodríguez Teijeiro, Domingo

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé Ramón

Presedo Garazo, Antonio

Estudantes

Lozano Ramírez, Amado Tierra

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Como consecuencia da situación xerada pola Covid-19, a xunta de facultade realízase por correo electrónico habilitándose o enderezo sfho@uvigo.es para a recepción de todas as suxestións que os membros queiran realizar e para proceder ás votacións. Participan na xuntanza as persoas que figuran á marxe, o xoves 30 de xullo de 2020, ás 12.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar o seguinte punto da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 22 de xullo de 2020.
2. Informe da presidenta.
3. Aprobación, se procede, das guías docentes do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural, para o curso 2020/2021.
4. Aprobación, se procede, do plan de prevención e control sanitario fronte á covid-19 para o curso 2020/2021 do Edificio de Facultades e pavillón 2, validado polo Servizo de Prevención.
5. Rolda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 22 de xullo de 2020.

Apróbase a acta por unanimidade.

2. Informe da presidenta.

I.1 Resultado da 1º prescrición:

Grao en Xeografía e Historia

1ª elección: 49

2ª elección: 32

3ª elección: 33

PCEO Turismo e Xeografía e Historia

1ª elección: 7

2ª elección: 14

3ª elección: 9

Como se pode observar, son unhas cifras moi positivas. O reitor expresou os parabéns á Facultade de Historia no informe de Consello de Goberno polas cifras acadadas.

I.2. Carmen Arribas incorporárase como administrativa do Negociado de Asuntos Xerais da Facultade de Historia a partir do 20 de agosto. Como xa tiña as vacacións solicitadas, empezará a traballar con nós o día 7 de setembro.

I.3. O persoal do SAUM de Ourense está actualizando os equipos informáticos das aulas. Xa se fixo o pedido para dous ordenadores e un disco sólido.

3. Aprobación, se procede, do calendario escolar da Facultade de Historia para o curso 2020-2021.

Apróbase por unanimidade.

4. Aprobación, se procede, do plan de prevención e control sanitario fronte á covid-19 para o curso 2020/2021 do Edificio de Facultades e pavillón 2, validado polo Servizo de Prevención.

Os documentos relativos ao plan de prevención e control sanitario fronte á covid-19 para o curso 2020/2021 do Edificio de Facultades e pavillón 2, que enviamos coa convocatoria para a súa aprobación están sendo supervisados polo servizo de Prevención. Proponse a súa aprobación, condicionado a que sexa validado por dito servizo.

Apróbase por unanimidade.

5. Rolda de intervencións.

O profesor Fermín Pérez comunica que vai realizar a saída de estudos adiada polo estado de alarma no segundo cuatrimestre do curso 20/21. Solicítase que nos indique a data exacta para incluír esta actividade no calendario a ese fin.

Por parte da decana non desexa indicar nada máis. Con esta xunta de facultade dáse por case por rematado, xa que mañá é o último día do curso 19/20, sen dúbida o máis complicado das últimas décadas. A Facultade de Historia continuou coas actividades docentes e académicas e o balance final é positivo. Este éxito foi posible grazas ao esforzo e bo talante de toda a comunidade que a integra: PDI, alumnado e PAS. Desde o equipo decanal queremos transmitirvos o noso agradecemento e o desexo dun feliz e merecido descanso vacacional.



Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.30 h do día 30 de xullo de 2020, da que eu como secretaria , dou fe co visto e prace da decana.

A decana
Asinado dixitalmente
Susana Reboreda Morillo

A secretaria
Asinado dixitalmente
Josefina Cadilla Lomba